

**REUNIÓN DA XERENCIA COS COMITÉS DE EMPRESA DO PAS
LABORAL E A XUNTA DO PAS FUNCIONARIO**

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerente:

Manuel Fernández Jauregui

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción de acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO) (presidente)

Pablo Alvarez Rodríguez (UGT)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Federico Fernández Fernández (CIG)

Carlos Román Lago (CIG)

Carlos Mollinedo (CIG, excusa a ausencia)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO, excusa a ausencia)

José Estevez Vazquez (CCOO, excusa a ausencia)

Marisa Magaz Ledo (CCOO)

Margarita Turnes Negreira (CCOO)

Manuel Marcos García (CCOO)

Luciano Otero Camiña

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)-Presidente

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)

César Gómez Gómez (CIG, excusa a ausencia)

José Manuel García Eirín (CIG)

Miguel García (UGT, excusa a ausencia)

**XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E
SERVIZOS:**

Xoan Cebro Rodríguez (CIG), presidente

María José Ríos Santomé (CIG), secretaria

Benedicta Expósito González (CIG, excusa a ausencia)

José A. Gándara Pérez (CIG, excusa a ausencia)

Mónica Zas Varela (CIG)

Miguel Ángel Cabañas Díaz (UGT, excusa a ausencia)

Alejandro Cadabón Figueroa (UGT, excusa a ausencia)

Mónica Méndez López (UGT)

Ruth Velasco Martínez (UGT)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral e da Xunta do PAS funcionario mantiveron unha reunión ás 11:30 horas, do 20 de xullo de 2017 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Negociación da oferta de emprego público para 2017 do persoal de administración e servizos funcionario e laboral da Universidade de Vigo.

O xerente informa que como todos eles coñecen, os orzamentos xerais do estado fixan para o PAS unha taxa de reposición do 100% e entrega a relación de baixas computables do ano 2016 para estes efectos, que suman 6 prazas, 5 e PAS funcionario e 1 de PAS laboral. A continuación abre unha quenda para que os representantes formulen preguntas e soliciten aclaracións.

O Presidente do comité de Empresa de Ourense (CEO) lamenta que na emenda aos orzamentos non se incluíra ao PAS, e que mesmo a CRUE pense máis no PDI que no PAS.

O presidente da Xunta de Persoal di que ao non dispor desta documentación antes da reunión non pode opinar, solicitando que se remita coa convocatoria. Sostén que o Reitor se comprometera a sacar por promoción interna un 50% das prazas de C2 a C1 antes de que rematase 2017. Pregunta se se vai cumprir e de qué grupo saírían prazas a libre.

O Presidente do CEO sostén que non cabe discutir o número de prazas, so cales se convocarían e tamén a promoción interna.

O presidente da Xunta de Persoal di que esta non entre na oferta de emprego público (OEP).

O Presidente do CEO contesta que fala das prazas da OEP que se cubran por promoción interna, que afectan á taxa de reposición. Como a Xunta de PAS funcionario só saca prazas para C2, convocar 2 ou 3 sería un disparate, inviable, polo tanto, serían prazas de laborais, á marxe da promoción interna.

Ruth Velasco di que co PAS co funcionario existe un compromiso do Reitor de sacar a promoción interna en dúas veces, cun 50% de razas en cada unha.


Escoitada a parte sindicar o Xerente informa:

- a) Que é vontade da Universidade de Vigo (UVI) e da CRUE que as mesmas mecánicas que se aplicaron ao PDI na norma orzamentaria estatal se apliquen ao PAS, non se conqueu para o exercicio 2017, pero se sigue a traballar cara ao 2018. Indica que para a UVI, dada a súa situación financeira (a diferenza da de outras administracións) e unha vez incorporados formalmente nas novas RPT's do PAS 48 novos postos de traballo, interesa normalizar a situación da plantilla, diminuindo a tesa de interinidad.
- b) De seguido explica que o artigo 19 da Lei de orzamentos xerais do Estado, norma básica e directamente aplicable, establece a taxa de reposición e o sistema de cálculo (e dá lectura á disposición legal); así pois, a promoción interna non computa na taxa de reposición. Informa que o compromiso da Xerencia e do Reitor coa promoción interna do C2 e do C1 vaise cumprir e que neste intre estase a negociar coa Xunta de Galicia a masa salarial do exercicio 2018.
- c) Por ultimo, reitera quen en virtude da norma orzamentaria do Estado dispónse de 6 prazas, polo que habería que precisar de que categorías se convocan; parece lóxico convocar as interinidades estruturais, pero con 6 prazas non se cubrirían todas. Indica que dado o número de prazas tamén interesa, para axilizar os procedementos, seguir coa dinámica do exercicio 2016, centrándose en poucas categorías, pero que en calquera caso esta aberto ás propostas que se poidan formular pola parte sindical.

O presidente da Xunta de Persoal di que como a Xunta do PAS non o tratou non poden dar unha resposta, pero que para este órgano a prioridade é a promoción interna de C2 a C1. Como opinión persoal, non lle parece prioritaria a OEP, porque se vén de celebrar un concurso e unha execución de RPT.

O Xerente sinala que a tramitación da OEP é complexa polo que insta á Xunta do PAS para que comunique coa maior brevidade a súa posición.

Pablo Álvarez indica que lle sorprende o límite do 50% para a promoción interna sen ter identificadas as prazas a convocar.



O Xerente reitera que está aberto a escoitar todas as propostas; pola súa parte ten interese en convocar prazas na área de I+D, na que se fixo un esforzo considerable en organización para potencia-la; con isto conseguiríase desatascar prazas de difícil cobertura.

Federico Fernández pregunta se poden propor un oferta por promoción interna de 50 prazas.

O xerente pregunta de qué prazas se trataría.

Federico Fernández sinala que de Técnico Medio de TIC, na Unidade de Transporte e Distribución...

O xerente responde que as propostas deben ser realistas, asumibles, en colectivos abarcables.

O presidente da Xunta de Persoal sinala que o xerente propón centrar a OEP nas prazas de PAS laboral.

O xerente explica que se seguiría a fórmula da anterior OEP, dentro das categorías que se convoquen, as prazas que non se cubran por promoción interna computarían por acceso libre, e iso computa tamén na taxa de reposición.

O presidente da Xunta de Persoal di que a discusión serían entre a Xunta do PAS e os Comités de Empresa.

O xerente sinala que os prazos pasan rápido e que como moi tarde deberían reunirse na segunda quincena de setembro para rematar a OEP, preferiblemente con acordo. Acordase reunirse nesas datas con propostas concretas pola parte sindical.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 12:30 horas.

The image shows four distinct handwritten signatures in blue ink. The first signature on the left is a long, sweeping stroke that curves upwards and then back down. The second signature is a more compact, stylized set of loops. The third signature is a large, oval-shaped scribble with internal loops. The fourth signature is a long, horizontal stroke with a small, dense cluster of vertical lines in the middle.

